



### O profesor Angel Barajas, premiado pola 'European Management Review'

O investigador do grupo IC2 recibiu o premio "Best reviewer award 2016" outorgado aos mellores revisores pola revista European Management Review en base á calidade e cantidade de revisións realizadas.

Nº8. Setembro 2017



### ECOBAS promove a iniciativa "Por unha alianza no sector industrial galego"

Varios investigadores de ECOBAS participan nesta iniciativa para mellorar as políticas industriais en Galicia. Nas últimas reunións de traballo organizadas por CES Galicia déronse cita case cen expertos pertencentes a diversos sectores.

Nº8. Setembro 2017



### ECOBAS promove a firma dun convenio de colaboración entre a Universidade de Vigo e as dúas principais asociacións galegas de cooperativas

O Reitor da Universidade de Vigo e os presidentes das asociacións de cooperativas galegas Agaca e Espazo Coop asinaron o convenio durante o evento de cooperativismo celebrado o 31 de outubro en Vigo.

Nº9. Novembro 2017



### A investigadora Cristina Calvo é novamente galardoada nos 'Emerald Literati Awards for Excellence'

A investigadora do grupo C+D obtivo o premio 2017 Highly Commended Award dentro da revista British Food Journal por segundo ano consecutivo.

Nº10. Xaneiro 2018



### O Catedrático de ECOBAS, Xavier Labandeira, participará no próximo informe da ONU sobre cambio climático

Será un dos expertos internacionais que participará no próximo informe sobre cambio climático elaborado polo IPCC (Intergovernmental Panel on Climate Change) da ONU.

Nº11. Marzo 2018



### ECOBAS impulsa a firma da Cátedra Ardán entre a Universidade de Vigo e o Consorcio da Zona Franca

O Reitor da Universidade de Vigo, Salustiano Mato, e a delegada do Estado no Consorcio da Zona Franca de Vigo (CZFBV), Teresa Pedrosa, asinaron o convenio nun acto celebrado o pasado 9 de marzo.

Nº11. Marzo 2018



### Comeza o novo Máster en Economía, organizado polas universidades de Vigo, Santiago e A Coruña

A nova titulación dará comezo o vindeiro curso 2018/19 e conta con catro itinerarios formativos: 1) Políticas públicas e análise económica rexional (UDC); 2) Economía e sociedade (Uvigo); 3) Economía e finanzas (USC); e 4) Análise económica (nas tres universidades).

Nº12 Maio 2018



### O investigador predoutoral Bozidar Vlacic, galardoado no 3º Congreso Internacional de Clusters e Distritos Industriais

Recibiu o Premio Torrecid á Mellor Comunicación Doutoral 2018 coa presentación do seu proxecto de tese doutoral, dirixido por Miguel González Loureiro.

Nº12 Maio 2018